

COMPOSITORAS GALEGAS

FANNY GARRIDO (A Coruña 1842 – Madrid 1917)



Escritora e tradutora.

Casou co compositor Marcial de Adalid e xuntos mostraron a súa creatividade en xoias como Mondariz e Cantares viejos y nuevos de Galicia, composicións das que Fanny Garrido é autora dos poemas Soedades, Mágoas do corazón, Canto de berce, Miña terra, miña terra, Frouseira, triste frouseira, A noite de San Xoán, Bagoas e sonos, A xolda, Afrixida, ¡Pesoulle!, A bordo, A sorte e A Ruada.

Foi socia fundadora da Sociedade de Folk-Lore Gallego presidida por Emilia Pardo Bazán e membro correspondente da Real Academia Gallega.

MARÍA LUISA SANJURJO (Vigo 1893 -1949)



Pianista e compositora galega.

EUGENIA OSTERBERGER (Compostela 1852 – Niza 1932)



Pianista e compositora galega, filla de nai coruñesa e pai alsaciano. Estuda en París e de volta a A Coruña intégrase na Sociedade El Flok-Lore presidida por Emilia Pardo Bazán coa que se relaciona. Forma parte activa de iniciativas progresistas como as Colonias Escolares. Tamén ten relación coa escritora e xornalista Sofía Casanova e a escritora Filomena Dato da que se pode escoitar na playlist o seu poema Neve. Foi membro correspondente da Real Academia Gallega o ano da súa fundación 1906.

As pezas coñecidas da compositora compostelá inclúen obras para piano só e cancións de salón para voz e piano. Ademais de destacar a súa produción musical, Eugenia Osterberger participou en diversas iniciativas de dignificación da cultura galega.

Durante os anos que residiu na Coruña cómpre salientar ademais a súa actividade pedagóxica, contándose entre as súas alumnas Pilar Castillo, quen logo sería unha pianista recoñecida internacionalmente.

<https://youtu.be/VZldHMeHpzc?list=PLI6Z1YgmnrKXBeyhNPSVw2HY64IMzmB5Z>

MARÍA MUÑOZ QUEVEDO (A Coruña 1886 - A Habana 1947)



Nacionalizada cubana en 1940, inaugura un novo período na cultura musical do país ao comezar e propiciar a consolidación dun movemento polifónico coral nos momentos do inicio e ascensión da música cubana aos xéneros maiores do sinfónico.

Directora, compositora, pianista, profesora, articulista, conferenciante, promotora cultural e colaboradora con importantes institucións e intelectuais.

PILAR CASTILLO SÁNCHEZ (A Coruña 1895- 1942)



Pianista, compositora e profesora de piano. Filla da profesora de piano luguesa Salvadora Sancha de Castillo que a iniciou nos estudos musicais. Contiúou a súa formación con Eugenia Osterberger e con Canuto Berea, compositor, pianista e promotor de novas agrupacións musicais. Considérase un dos pioneiros do orfeonismo galego, xunto con Xosé Castro “Chané” e Pascual Veiga.

Descoñécese o alcance das súas composicións, pois só se teñen conservado dúas obras: a melodía galega para piano e canto Durme e a muiñeira Maruxiña sobre un texto de Eduardo Pondal.

OBDULIA PRIETO NESPEREIRA (Ourense 1902 - 1971)



Pianista, compositora, profesora de música e crítica musical.

Harmonizou a seis voces, para a Coral Polifónica de Pontevedra, a súa composición Canto de Ourense, unha peza inspirada nunha foliada popular. Canto de Ourense foi logo gravada e retransmitida en diversos medios radiofónicos.

Colabora coa revista bonaerense Céltiga, ao igual que o seu irmán, o pintor Xulio Nespereira, coa publicación de fragmentos das súas composicións Campiña e Canción de cuna. Nesa mesma revista, Eduardo Blanco Amor escribe un artigo laudatorio sobre Oblidia, evidenciando a admiración que lle profesaba, sobre todo pola súa capacidade de integrar a música galega

dentro da arte, a semellanza doutros compositores como Granados, Albéniz, Falla e Turina.

Becada pola Deputación Provincial de Ourense ampliou estudos en París. En Madrid estreouse o seu poema sinfónico Saudade.

As súas composicións foron intérpretables na Arxentina no Teatro Politeama e no Teatro Avenida de Buenos Aires no que o Centro Galego organizou, para o día de Galicia, un concerto en 1953 no que se interpretou Saudade, unha suite sinfónica moi aclamada.

Obdulia foi un referente musical e as súas composicións aparecían nos programas da época como no Teatro Guerrero de Madrid xunto con obras de Haendel, Beethoven, Rossini, Schumann...

MILI PORTA (A Coruña 1918- Madrid 1971)



Directora de orquestra e coros, compositora, pedagoga e crítica musical. Desde moi nova participou activamente na vida musical coruñesa formando parte da agrupación “Ofelia Nieto”, interpretando o papel de Rosita na zarzuela Luisa Fernanda. Con só dezaseis anos debutou como directora de orquestra no Teatro Rosalía de Castro dirixindo a zarzuela La virgen de la aldea. Foi a primeira muller en España en dirixir unha orquestra e, para poder facelo, tivo que pedir un permiso especial ás autoridades. Tamén foi directora doutras zarzuelas como La fama del tartanero ou Molinos de viento así como diversas corais e outras orquestras.

En 1943 instalouse en Madrid coa súa familia, pero sempre mantivo a ligazón con Galicia. Foi un membro moi activo, xunto co seu marido Fernando Navarrete, da colectividade galega en Madrid. Alí creou as corais Alalá de Veiga, Anaquiños d’a Terra do Centro Gallego de Madrid e o coro de voces brancas Iria Flavia, con que daría a coñecer as cantigas de Martim Codax e as de Afonso X o Sabio. Ademais da súa frenética actividade concertística e de xiras con estas corais, tamén creou, con Fernando Navarrete o Grupo de Ópera de Madrid.

Foi toda unha personalidade na pedagogía musical española e membro da Sociedad Didáctica-Musical coa que participou no seu famoso tratado de solfexo *El progreso musical renovando os criterios didácticos*. No ano 1963, xa sendo catedrática, obtivo unha bolsa da Fundación Juan March para viaxar aos conservatorios de París, Bruxelas e Berlín e investigar como se impartía o solfexo noutros países.

Foi a primeira muller en recibir a Gran Cruz da Orde de Afonso X no eido da música.

MARGARITA SOTO VISO (A Coruña, 1957)



Destaca como compositora, pianista acompañante, musicóloga e editora de música.

Como musicóloga ten investigado principalmente sobre compositores galegos. Destaca o seu traballo sobre a figura de Marcial de Adalid e a súa ópera *Inés e Bianca*, considerada a primeira grande ópera galega. En 1981 descubriu partitura desta ópera no arquivo da Real Academia Galega e co compositor Juan Durán iniciaron a reconstrución da obra.

Creou a editorial Viso dedicada á publicación de música de autores galegos que leva publicados máis de 40 títulos.

Foi presidenta da Asociación de Compositores de Galicia.

JULIA MARÍA DOPICO (A Coruña, 1967)



“Temos que poñer en valor o legado das mulleres que fixeron que Galicia sexa mellor.”

Escritora, intérprete, investigadora e compositora.

Estrea a súa obra musical en Denver (EE.UU) en 2018 dentro do III Simposio sobre Estudos Galegos. As composicións están dedicadas a María Balteira que nos remite á presenza da muller na lírica medieval, a Rosalía de Castro, poeta excepcional e símbolo de Galicia e á Maruxa Mallo.

Posteriormente interpréase en Madrid, New York, A Coruña (Conservatorio Profesional de Música) e Santiago de Compostela (Sociedad General de Autores de Galicia). Participa nos Cursos Internacionais Universitarios de “Música en Compostela”

Bibliografía

<https://musicaescritapormujeres.wordpress.com/category/compositoras/>

<https://www.oxfordmusiconline.com/page/women-composers-by-time-period>

<https://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portada>

<https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/docs/CreatorasMusica>

<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=31550>